



DATOS IDENTIFICATIVOS

Producción Artística: Imaxe I

Materia	Producción Artística: Imaxe I			
Código	P01G010V01503			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	12	OB	3º	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Debuxo Pintura			
Coordinador/a	Pajares Vales, Maria Teresa			
Profesorado	Blanco Salgueiro, Loreto Liste Fernandez, Araceli Mercedes Matesanz Perez, Maria Consuelo Pajares Vales, Maria Teresa			
Correo-e	tpajares@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral Esta materia inscríbese dentro da produción artística, vinculada esta a todas aquelas disciplinas implicadas na creación de imaxes, mais especialmente en pintura, debuxo e fotografía.

A produción implica coñecemento dos distintos procedementos de elaboración de imaxes, a súa reprodución e a interrelación entre as ditas disciplinas.

A imaxe sempre implica unha abstracción, un artificio capaz de revelar un certo tipo de coñecemento ou de desvelar un certo tipo de verdade coa cal a nosa comprensión da realidade se enriquece. A través da pintura, o debuxo e a fotografía, podemos crear unha complexa rede de contidos, experiencias e disposicións que teñen que ver cos principios que caracterizan o ser humano, é dicir, a capacidade para intelectualizar o coñecemento e a experiencia obtida, a coordinación dos sentidos perceptores a disposición ou a actitude ante a realidade de xerar (e percibir) experiencias estéticas e/ou sensacións que irían desde a máis elemental emoción ata a máis complexa forma de producir coñecemento.

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
A7	Coñecemento do vocabulario e dos conceptos inherentes a cada técnica artística particular. Coñecer a linguaxe creativa específica
A9	Coñecemento de métodos de produción e técnicas artísticas. Analizar os procesos de creación artística
A12	Coñecemento dos materiais e dos seus procesos derivados de creación e/ou produción. Coñecer os materiais, procedementos e técnicas que se asocian a cada linguaxe artística
A14	Coñecemento dos instrumentos e métodos de experimentación en arte. Aprendizaxe das metodoloxías creativas asociadas a cada linguaxe artística
A20	Capacidade de interpretar creativa e imaxinativamente problemas artísticos. Desenvolver os procesos creativos asociados á resolución de problemas artísticos
A22	Capacidade de producir e relacionar ideas dentro do proceso creativo
A25	Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.
A26	Capacidade de curiosidade e de sorpresa máis para alén da percepción práctica. Desenvolver a percepción mental para alén do retiniano
A31	Capacidade para xerar e xestionar a produción artística. Saber establecer a planificación necesaria nos procesos de creación artística.
A32	Capacidade de aplicar profesionalmente tecnoloxías específicas. Utilizar as ferramentas apropiadas para as linguaxes artísticas propias

A33	Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento
A37	Capacidade de identificar os problemas artísticos e/ou socioculturais así como os condicionantes que fan posible discursos artísticos determinados. Describir os condicionantes que inciden na creación artística. Análise das estratexias de produción artística
A38	Capacidade heurística e de especulación para a realización de novos proxectos e estratexias de acción artísticas. Desenvolver a comprensión e especulación dos problemas artísticos na súa totalidade
A42	Habilidades para a creación artística e capacidade de construír obras de arte. Adquirir as destrezas propias da práctica artística
A43	Habilidade para establecer sistemas de produción. Desenvolver estratexias aplicadas ao exercicio sistemático da práctica artística
B1	Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecemento de diferentes disciplinas artísticas propias da creación de imaxes e a súa posible interrelación.	A7 A9 A12	
Coñecemento dos procedementos propios das disciplinas relacionadas coa elaboración de imaxes.	A7 A9 A12	
Coñecemento de sistemas de reprodución da imaxe.	A9 A12 A14	
Capacidade para desenvolver propostas creativas con extensión.	A31 A32 A37	
Capacidade para abordar problemas da arte nun conxunto de obras.	A31 A37 A38	
Capacidade para a visualización e a análise de imaxes.	A1 A25	B1
Capacidade para o manexo de métodos de produción específicos.	A31 A32	
Capacidade para comprender na súa máxima intensidade a experiencia do taller de produción e creación.	A20 A22 A31 A32	
Capacidade para dar visibilidade ás ideas mentais e ao mundo sensible.	A31 A38	
Capacidade para pasar das imaxes mentais ás visuais.	A31 A32	
Capacidade para a proxección e construción de imaxes previas á obra.	A26 A38	
Habilidade para o manexo de instrumentos e métodos propios do debuxo, a pintura e a fotografía.	A42 A43	
Habilidade para a experimentación coa imaxe.	A42 A43	
Habilidade para a integración de disciplinas distintas na produción de imaxes.	A33 A42 A43	

Contidos

Tema	
Os contidos están dirixidos ás diferentes partes que converxen na estrutura de elaboración dun proceso creativo.	A dita converxencia prodúcese dentro da realización específica de exercicios prácticos realizados polos alumnos como resposta aos contidos teóricos aportados polo profesorado.
1.- Proceso e materia.	-A pintura e o debuxo como xénero. Procesos e técnicas. -A materia e a súa transformación. Reflexións sobre o espazo-tempo. -Niveis de materialidade e inmaterialidade na obra. -A fotografía aplicada á produción de imaxes. -O xesto. O corpo como ferramenta activa.

2.- Proceso e forma.	-Articulación interna da imaxe. Orde e desorde. Construción-deconstrución. -A expansión do campo pictórico e do debuxo. Relación da imaxe co soporte. -Relación da obra co seu contexto. Relación con outros xéneros e disciplinas.
3.- Proceso e concepto.	-Derivación do proxecto ao discurso. -Concepto de autoría. A subxectividade. -O proxecto: realidade ou quimera. -Adecuacións do proceso individual aos últimos discursos artísticos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	0	25
Traballos de aula	88	0	88
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	100	100
Saídas de estudo/prácticas de campo	0	25	25
Estudos/actividades previos	0	12	12
Traballos e proxectos	50	0	50

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Clase presencial con posible apoio multimedia. Obxectivos: aportarlle ao/á alumno/a unha contextualización teórica e/ou visual que facilite a comprensión e realización dos exercicios prácticos formulados.
Traballos de aula	Os estudantes traballan individualmente ou en grupo baixo supervisión do profesor.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O/a alumno/a debe desenvolver de forma autónoma a análise e a resolución dos problemas e/ou exercicios.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividade autónoma do alumno.
Estudos/actividades previos	Documentación dos traballos realizados. Preparación de avaliacións. Actividade autónoma do alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	O profesorado atende individual e colectivamente aos estudantes no seu traballo. Persigue orientar e dar as pautas necesarias a cada estudante durante o desenvolvemento da práctica creativa, así como a práctica e a discusión dos conceptos de imaxe nos nosos días e no acceso a procesos creativos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Exames orais (probas orais na aula, entrevista, debate, etc.).	10%
Traballos de aula	Técnicas de observación (asistencia, implicación e compromiso).	10%
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.	10%
Traballos e proxectos	O estudante, de maneira individual ou en grupo, presenta o resultado do seu traballo, proxecto, etc., ante o profesor e un grupo de estudantes. Obxectivos. Comprobar a comprensión que o alumno/a realizou da súa práctica artística, así como a súa capacidade de análise e autocrítica.	70 %

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continuada en as datas de exame poderase pedir a presentación de todos os exercicios e propostas formulados durante o curso. Se a profesora ou profesoras o consideran necesario, realizará/n algunha proba específica teórico-práctica.

Ao exame poderán asistir todos os alumnos matriculados na dita materia. No caso de teren superado os exercicios parciais, se a profesora ou profesoras o consideran oportuno, poden optar a subir nota no exame final.

É importante a asistencia continuada á materia.

Calendario de probas de avaliación

Convocatoria ordinaria

Grupo P1 □ Martes, 2 de febreiro de 2010, de 10.30 a 12.30 horas

Grupo P2 □ Luns, 1 de febreiro de 2010, de 15.30 a 18.30 horas.

Grupo P3 □ Mércores, 3 de febreiro de 2010, de 8.30 a 11.30 horas.

PROBA DE AVALIACIÓN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XULLO: 6 DE XULLO ÁS 10.00 HORAS

Bibliografía. Fontes de información

BACHELARD, Gastón, **La poética del espacio**, Ed. Fondo de Cultura Económica,,

BARTHES, Roland, **El grado cero de la escritura**, Siglo XXI, Madrid,,

BOZAL, Valeriano, **Mímesis, las imágenes y las cosas**, La Balsa de la Medusa, Visor Dis.,S.A.,,

CIRLOT, Juan-Eduardo, **Diccionario de símbolos**, Ed. Siruela,,

DALI, Salvador, **El mito trágico de El Angelus de Millet**, Ed. Tusquets,,

DELEUZE, Gilles, **Pintura. El concepto de diagrama**, Catus,,

DERRIDA, Jacques, **La reconstrucción en las fronteras de la filosofía**, Paidós Ibérica,,

GÓMEZ RAMOS, Antonio(ed), **Diálogo y reconstrucción. Los límites del encuentro entre Gadamer y Derrida**, Universidad Autónoma de Madrid,,

KRAUSS, Rosalind E., **El inconsciente óptico**, Colección Metrópolis, Editorial Tecnos,,

ORTIZ-OSÉS, **Diccionario de hermenéutica**, (ORTIZ-OSÉS, Andrés y Lanceros, Patxi <ed.>)Universidad de Deusto,,

PÉREZ CARREÑO, Fca, **Los placeres del parecido. Icono y representación**, La Balsa de la Medusa, Visor Dis., S.A.,,

SENTIS, Mireia, **Al límite del juego**, ed. Ardora,,

SHINER, Larry, **La invención del arte**, Paidós,,

VALERY, Paul, **Piezas sobre arte**, La Balsa de la Medusa, 18, Visor Dis., S.A.,,

VIRILIO, Paul, **La Máquina de la visión**, Ediciones Cátedra, S.A. (Signo e Imagen),,

Recursos e fontes de información complementaria.

COBO, Chema **Amnesia**, Galería Bores&Mallo, 1999.

KAHLO, Frida **El diario de Frida Kahlo. Un íntimo autorretrato**, (introducción de Carlos Fuentes), Editorial Debate, C. de L., S.A., 1995.

MAGRIS, Claudio **La exposición**, Anagrama, 2003.

PEREC, Georges **Gabinete de un aficionado**, Anagrama 1989.

PROUST, Marcel **En busca del tiempo perdido**, Editorial Alianza, Madrid, 1998.

TABUCHI, Antonio **Autobiografías ajenas**, Anagrama, 2006.

VV.AA. **Joseph Beuys. Die Multiples**, Edition Schellman, München, 1992.

Robert Rauschenberg. A retrospective, Guggenheim Museo, Bilbao, 1999.

Experiencias artísticas del Centro I+D de la Estampa Digital. Impresiones, Real Academia de Bellas Artes de San Fernando □ Calcografía Nacional, Madrid, 2001.

Huellas de Luz. El arte y los Experimentos de William Henry Fox Talbot, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 2001.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Expresión Artística. Debuxo-Forma/P01G010V01102

Técnicas Pictóricas/P01G010V01104

Expresión Artística. Materia-Cor/P01G010V01201

Técnicas Fotográficas/P01G010V01204

Debuxo/P01G010V01402
Pintura/P01G010V01404

Outros comentarios

Asistir e visitar regularmente exposicións en museos e galerías de arte.
